

## **A COMISIÓN EUROPEA PREMIA O LABOR DO CESGA E A USC NO PROXECTO e-HOSPITAL**

- Elixido como un dos tres mellores pola súa innovación e creatividade de entre os mais de 1700 proxectos registrados no Programa Socrates/Grundtvig.
- Dado o seu éxito, as institucións españolas participantes poderían amplialo máis alá do proxecto europeo.

**Santiago de Compostela, 7 de Maio de 2009.** - O proxecto e-Hospital foi seleccionado pola Comisión Europea como un dos tres proxectos Grundtvig máis destacados en toda Europa, en recoñecemento pola súa contribución á innovación e creatividade na proposta. O Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA) e o Grupo de Investigación en Tecnoloxía Educativa da Universidade de Santiago de Compostela (USC), coa colaboración do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña, participaron neste proxecto en España, sendo o seu principal obxectivo crear e avaliar a viabilidade da formación continua mediante e-learning a pacientes adultos hospitalizados de longa duración.

O Proxecto eHospital recibiu hoxe en Praga o prestixioso galardón "**European Lifelong Learning Award**", no marco da Conferencia Europea sobre Innovación e Creatividade no Programa de Aprendizaxe Permanente, ([www.llp-conference.eu](http://www.llp-conference.eu)) de mans do Comisario de Educación, Cultura e Xuventude da Comisión Europea, Ján Figel e o ministro de Educación checo, Ondej Liska. Entregáronse 18 galardóns para os tres mellores proxectos en 6 categorías: *Comenius, Erasmus, Grundtvig, Leonardo da Vinci, Linguas e Tecnoloxías de Información e Comunicación* (TIC). O obxectivo xeral da conferencia é identificar o papel e o impacto da creatividade e a innovación no programa de aprendizaxe permanente e estimular aínda máis o proceso. Participaron neste acto oficial, en representación do Consorcio do proxecto, o Coordinador deste, D. Holger Bienzle (DieBerater-Austria) e a profesora Dña. Carmen Fernández Morante (profesora da USC-España).

### **O PROXECTO e-HOSPITAL:**

e-Hospital foi un proxecto financiado durante os anos 2005-2008 pola Comisión Europea dentro do programa Socrates/Grundtvig, no que participaron institucións educativas de Austria, Francia, Alemaña, Polonia, Suíza e España. O CESGA e a USC, como institucións participantes españolas, deseñaron e desenvolveron un curso piloto de formación continua a través de blended-learning (modalidade de aprendizaxe que combina a formación presencial e a non presencial co uso das novas tecnoloxías e Internet) denominado "e-Hospital: Curso básico de alfabetización dixital" dirixido a pacientes lesionados medulares do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña. Ao termo deste, a Universidade de Santiago outorgou os correspondentes diplomas acreditativos de realización do curso a trece alumno/ás que realizaron con éxito a experiencia formativa.

Froito da experiencia educativa exitosa levada a cabo tanto dende o punto de vista dos alumnos como dos profesionais médicos e pedagogos, as institucións españolas

participantes neste contemplan ampliar do marco da experiencia máis alá do proxecto europeo, especialmente tras a concesión do importante galardón.

A experiencia piloto e-Hospital española foi recoñecida xa en ano 2007 co premio **Computerworld** que outorga unha relevante publicación do sector das Telecomunicacións, onde se destacou o labor do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña como a institución pública que máis impulsou ese ano o uso das TIC para o benestar dos cidadáns. Tamén o *Observatorio de Buenas Prácticas Universitarias e Compromiso Social da Global University Network for Innovation (GUNI)* promovido pola UNESCO, United Nations University (UNU) e a Universidade Politécnica de Cataluña (UPC), seleccionaron o estudo piloto español como exemplo de "Buena Práctica". No ámbito internacional o proxecto foi galardoado hai uns meses co mais prestixioso premio á educación de adultos que concede o Ministerio de Educación, Ciencia e Cultura de Austria como a iniciativa con maior potencial innovador para a educación de adultos de entre 66 propostas presentadas ao galardón.

O Programa de Aprendizaxe Permanente da Comisión Europea (**Lifelong Learning Programme**) recolle baixo un mesmo paraugas as súas diversas iniciativas de formación e educación, comprendendo catro subprogramas para as diferentes etapas da educación e formación continua: *Comenius* para escolas, *Erasmus* para o ensino superior, *Leonardo da Vinci* para a formación profesional e *Grundtvig* para a educación de adultos.

**Grundtvig** ten por obxecto proporcionar aos adultos a forma de mellorar os seus coñecementos e habilidades, manténdooos mentalmente aptos e potencialmente con máis posibilidades de ser empregados. Céntrase nos alumnos, profesores e formadores de educación para adultos pero tamén no persoal de educación e nas institucións que prestan estes servizos.

Máis información:

[http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme/doc86\\_en.htm](http://ec.europa.eu/education/lifelong-learning-programme/doc86_en.htm)  
[www.llp-conference.eu](http://www.llp-conference.eu)  
<http://www.ehospital-project.net/>

ou contactando co CESGA no 981 569810